

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON PROBLEMAS PSICOSOCIAIS “ASPANEPS” PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL INFANTOXUVENIL NA ÁREA DE FERROL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais “ASPANEPS” de Ferrol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día seguinte ao da súa sinatura -02/03/2017- ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización por parte de ASPANEPS do programa denominado "Atención á saúde mental infantojuvenil na área de saúde de Ferrol". No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.
- A prestación sanitaria axustarase ao disposto pola Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia no tocante á atención especializada e comprenderá, entre outras, as funcións de prescrición e procedementos diagnósticos e terapéuticos, rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable, a educación para a saúde no seu ámbito de actuación e a realización das prestacións sociosanitarias que correspondan con este nivel de asistencia..

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que na área de saúde de Ferrol se precisa unha atención especial a este sector específico, sendo a Asociación de Pais de Nenos con Problemas Psicosociais (ASPANEPS) unha entidade que vén dando resposta, sen interrupción no tempo, a esta necesidade. A dita asociación é a única entidade coa capacidade necesaria para desenvolver eficientemente as actividades obxecto de este convenio na citada área sanitaria de Ferrol, posuindo ademais os medios técnicos axeitados, o que fai que se constitúa como a única entidade con capacidade para o desenvolvemento da atención da saúde infanto-xuvenil. Estas especiais razóns de interese público e social, unidas ás especiais características da entidade e á actividade desenvolvida, imposibilitan a súa convocatoria pública, motivo polo que se recorre á súa concesión directa, consonte o establecido no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura) ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

